

ORDENANZA Nº 8

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS, PRATOS E CATIVIÑOS, E OUTROS ARTIGOS DESTINADOS A DIVULGACIÓN DO CONCELLO

ARTIGO 1. CONCEPTO

Serán obxecto destes prezos públicos a venda de libros, cativiños, cerámicas e artigos en xeral, destinados á divulgación do Concello do Rosal.

ARTIGO 2. OBRIGADOS O PAGAMENTO

Serán obrigados ó pagamento destes prezos públicos os adquirentes dos artigos.

ARTIGO 3. CONTIA

O importe do prezo público fixado cubrirá, como mínimo, o custo do artigo subministrado, podendo fixarse un prezo público por debaixo do custo cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

A contía do prezo público se establece en:

Libro Cabaqueiro.....	3,94 €
Prato Cabaqueiro.....	6,25 €
Cativiño.....	1,72 €
Libros Manuel da Ventosela.....	7,16 €

Este prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

ARTIGO 4. OBRIGA DE PAGAMENTO

Satisfaranse os prezos públicos regulados nesta ordenanza ó tempo de subministra-los artigos a que se refire o artigo 1º.

ARTIGO 5. NORMAS DE PROCEDIMENTO

Nos supostos en que os artigos a subministrar non se encontren contemplados na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delegase na Xunta de Goberno, conforme o artigo 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de Abril, o establecemento da contía, a proposta do Servicio correspondente, co previo informe da Intervención Municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.